

LIBRE ELECCIÓN ENFERMEIRA NA ATENCIÓN PRIMARIA

A **CONFIANZA** NO PROFESIONAL QUE TE ATENDE
É **FUNDAMENTAL**

O TEU DEREITO, A TÚA SAÚDE
Elixé o teu enfermeiro/a



AGEFEC

Asociación Galega de Enfermaría
Familiar e Comunitaria

LIBRE ELECCIÓN E ASIGNACIÓN DA POBOACIÓN POR PROFESIONAL DE ENFERMARÍA NA ATENCIÓN PRIMARIA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE.

MARCO LEXISLATIVO

No artigo 10 da Lei Xeral de Sanidade de 1986 detállanse os dereitos de todos os cidadáns respecto as distintas administracións públicas sanitarias, establecéndose no punto 13 o dereito a libre elección do persoal sanitario titulado. A Lei 12/2013 sobre garantías de prestacións sanitarias no Servizo Galego de Saúde, establece no seu artigo 12 o exercicio do dereito a libre elección de enfermeira en atención primaria polos usuarios da sanidade pública, regulándose no Decreto 55/2015 da Consellería de Sanidade de Galicia.

A libre elección de enfermeira en atención primaria é, polo tanto, un dereito recoñecido por lei en todo o Estado que entrará en vigor na nosa CCAA a partires do 20 de Agosto de 2015, e na que os usuarios poderán exercer este dereito mediante solicitude telemática a través do portal web do Servizo Galego de Saúde ou no propio centro de saúde onde presten servizo os profesionais sanitarios elixidos. O Servizo Galego de Saúde ten que garantir que no momento que un usuario se dispoña a elixir o seu médico de familia será informado obrigatoriamente da mesma posibilidade na elección da enfermeira, así mesmo tamén terá que facer a correspondente publicidade por todos os centros de saúde para facer chegar esta información a todos os cidadáns como xa se fixo con outros programas recentemente implantados como o Conecta 72. Tamén deberase indicar na tarxeta sanitaria de cada cidadán o nome da súa enfermeira ao igual que se indica o nome do seu médico, esta medida aplicarase de igual xeito as fontes de datos de carácter administrativo e na historia clínica electrónica.

A enfermeira so poderá rexeitar a asignación de novos usuarios ou pacientes cando o cupo de persoas supere o número óptimo establecido, pedindo que se faga efectivo tal el como se recolle no Decreto 55/2015 a distribución dos cupos para médicos e enfermeiras segundo criterios de frecuentación, dispersión poboacional, estrutura de grupos de risco ou o volume de pacientes con patoloxías que requiran atencións especiais. Como caso particular, a atención domiciliar que se poida prestar segundo as necesidades será proporcionada polos profesionais do centro de saúde que corresponda a zona básica onde o paciente teña fixada a súa residencia.

MARCO ASISTENCIAL



AGEFEC

Asociación Galega de Enfermería
Familiar e Comunitaria

Os cuidados de enfermaría non teñen a visibilidade necesaria na nosa sociedade, debido fundamentalmente ao escaso recoñecemento outorgado pola administración sanitaria nas diferentes estratexias asistenciais relacionadas coa enfermaría. O usuarios, en xeral, pensan que o cuidado é algo intuitivo que carece de valor profesional, e identifican maioritariamente a atención enfermeira con actividades delegadas polo médico, e polo tanto, centran seu nivel de satisfacción en este tipo de actividades. Por todo isto a libre elección de enfermeira nos servizos de atención primaria resulta necesaria para que os usuarios dean importancia aos verdadeiros aspectos da profesión e identifiquen novos servizos relacionados co rol autónomo de coidar, onde a enfermaría adquira a visibilidade merecida de acordo a unha estratexia de mellora da accesibilidade dos cuidados enfermeiros, o que significará unha mellora da saúde e benestar de todos os usuarios e pacientes do Servizo Galego de Saúde.

A administración ten que definir con maior criterio e exactitude a carteira de servizos da enfermaría de atención primaria, así como o número de profesionais acordes a estas prestacións, para que os usuarios poidan realizar dunha forma o mais xusta posible o seu dereito a libre elección, rexeitando os modelos organizativos de reparticións de actividades por tarefas, zonas xeográficas ou a repartición dos cupos de pacientes mediante rexistros alfanumérico nos centros de saúde. A asignación de poboación deberá realizarse de forma pura, xa que a coexistencia de múltiples métodos organizativos dos cupos enfermeiros dentro dun mesmo servizo de saúde constitúe un dos principais problemas para conseguir unha oferta de servizos accesible e adaptado aos usuarios.

O poder de ter o dereito a escoller a enfermeira que desexes segundo os criterios establecidos previamente, teranos que levar a implantación dunha adecuada política de incentivos co fin de evitar a desmotivación dos profesionais que mais resultados en saúde obteñan dos seus pacientes. A libre elección é un dos principais requisitos para poder prestar uns cuidados de calidade, onde a organización da asistencia garantizará unha atención integral e continuada mellorando o nivel de cuidados na consulta do centro de saúde e no domicilio do paciente, para o beneficio da poboación, o sistema sanitario e a profesión.

Este novo modelo organizativos dos cupos enfermeiros plantea enormes vantaxes. A poboación, en xeral, e as familiar e individuos en particular, teñen o dereito de coñecer en todo momento a enfermeira de referencia responsable dos seus cuidados, que lles permita tanto a necesaria interrelación e identificación no proceso de comunicación enfermeira-paciente, como a eficaz continuidade de cuidados en calquera proceso de saúde-enfermidade, e que dificilmente se poderá alcanzar se non existe unha asignación concreta da enfermaría. Delimitándose claramente a responsabilidade sobre unha poboación en concreto o que axuda a perfilar de forma mais clara os obxectivos específicos a alcanzar e a posterior valoración dos resultados obtidos favorecendo a asignación de incentivos persoais que redundarían nunha



maior motivación profesional. Polo que a libre elección tamén premiaría a quen pola súa boa actuación é elixido segundo a máxima percepción de calidade na prestación dos cuidados por parte dos usuarios do sistema sanitario.

En definitiva, dando a coñecer este dereito potenciaremos a demanda de cuidados na poboación, a continuidade dos cuidados e a relación entre o usuario e o profesional. Ter asignada unha enfermeira para cada usuario é un dereito para asentar a relación terapéutica na confianza. Polo que a libre elección de enfermeira nos servizos de atención primaria terá que servir para que a administración poida avaliar de mellor xeito o impacto dos cuidados enfermeiros, definindo indicadores de proceso e resultado xa que soamente coñecendo cómo repercuten as intervencións enfermeiras na poboación pódese modificar e mellorar a atención prestada.

Xunta Directiva

Asociación Galega de Enfermería Familiar e Comunitaria (AGEFEC)